

CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

ACTA N° 2023/10
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 13 DE SETEMBRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 08:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO

AURELIA MARIA PICALLO MERLAN

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: ROSA FERNANDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da obra "Reparación da ponte sobre o rego de Vilachán e reapertura da mesma.
- 2.- Encargo da solicitude de proxecto técnico por parte de enxeñeiro técnico especialista en obra pública ou titulado equivalente.
- 3.- Aprobación da modificación de crédito precisa para a realización das obras ou do cargo do custo ao remanete, elixindo a opción máis áxil e rápida para garantir a inmediata execución das obras.
- 4.- Aprobación da tramitación das preceptivas solicitudes de permisos a Augas de Galicia e a aquelas administracións que corresponda para que se acometan as obras presentadas no proxecto técnico.

-D Javier Sar, expoñe: "Vimos importante pedir este pleno para debatir estes asuntos, o primeiro deles a ponte de Vilachán que leva casi un ano nun estado lamentable. Desto falará Merce que foi quen instou tratalo."

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

-Intervén Dna Merce Barrientos: “Creo que estamos todos de acordo en que é unha estrada que non pode estar pechada pois é importante para os veciños, e levamos así moito tempo. Hai que facer a obra. Os veciños non teñen por onde ir e na comisión dixemos que deixábamos tan amplias as propostas para que o grupo municipal faga os procedementos ou formas de facer o que pedimos como estime oportuno.”

-Seguidamente é o turno de Dna Sandra Vilela: “O problema desa estrada surxíu en febreiro e naquel momento fomos o único partido que denunciemos esa situación e llo preguntamos ao Alcalde. Nunca é tarde para intentar solucionalo. O BNG contou mentiras dicindo que fora o BNG quen denunciara esa situación e non fora así ao menos publicamente, non o puideron ler en parte alguna.”

-Dna Merce Barrientos resposta: “Nun pleno de xullo o BNG trouxo un rogo nese sentido e en campaña electoral xa nomeou ese asunto.”

-O Sr alcalde manifesta: “Estamos de acordo en que esa estrada e ponte ten que arranxarse, pero o problema é que tendo xa os trámites iniciados non queremos facer algo por facer un gasto ao Concello. ¿Como podemos tratar os catro puntos da Orde do día que se refire ao mesmo?”

-A secretaria responde que poder tratarse e votarse os catro puntos primeiros xuntos se están todos os integrantes do Pleno de acordo.”

-Dna Sandra Vilela volve a intervir: “Estou de acordo en votar a favor destes catro puntos pero é dificultosa a solicitude en xeral, non hai nada sobre cantidades, as obras son necesarias pero quizais non é a forma adecuada de pedilo, e debería quizais de ser un rogo. Teño mocións presentadas para o pleno ordinario e debatelas nel non custa ao Concello con plenos coma este. Pedíuse este pleno por un afán de protagonismo da voceira do BNG.

Querría que nos dixesen canto custarán esas obras que propoñen, obras que non sabemos se son viables, non sabemos qué diñeiro temos. Non decimos que non sexan obras necesarias pero ¿que criterio se seguiu para propoñer esas e non outras, de que maneira se van a pagar.? Piden a estrada de Leis e xa está adjudicada, a falta de rigor na proposta é considerable.”

-D Javier Sar responde: “As competencias son do Concello e propoñemos que se faga, da maneira que o goberno queira.”

-Volve a intervir Dna Merce Barrientos: “Retomando Vilachán, xa expuxen en xullo a necesidade de arranxar a estrada e dende secretaria díxeronme que non había proxecto redactado ao respecto e por iso fixen a solicitude. Sen non se esgotase o prazo agora parte dos trámites poderían estar feitos.

No último mes asistín a dúas comisións de urbanismo nas que nos deron conta de solicitudes con informes favorables e os grupos da oposición non dixemos nada. Duraron 7 e cinco minutos e custaron ao Concello 300 euros cada unha. Creo que son prescindibles e non se gasta o diñeiro.”

-O Sr Alcalde responde: “É o funcionamento normal porque parte da información ten que darse aos membros da Comisión, sendo así o funcionamento democrático. Ao tempo que solicitou o pleno preguntou se había proceso en marcha?. O técnico municipal leva tempo traballando neste e non está rematada porque se puxo en contacto con Augas de Galicia para ver cómo facelo a fin de obter no seu día o permiso.”

Sometidos os catro primeiros puntos a votación, o Pleno por unanimidade os vota a favor.

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

5.- Aprobación das obras de reparación nas seguintes vías de comunicación, realizando as modificación de crédito precisas ou pola vía da inclusión ao POS adicional (segunda fase):

- Vía de comunicación entre Vilar e Añobres (AC440)
- Vías superiores do lugar de Merexo que conectan coa estrada a Vilar (Pista de San Martiño).
- Vía que comunica a estrada de Agrazón-Senande co lugar de Agrodosio e vía de acceso da Sanguineira a Agrodosio.
- Vía de Senande ao terreo Carballo, na que rompeu un tubo de sumidoiro e en lugar de reparalo botaron morrillo enriba.
- Vía que baixa da estrada de Calo á depuradora de Senande.
- Vía da ponte de Calo á Farrapa.
 - Vía de comunicación de Leis-Cereixo, que no tramo de Vimianzo leva seis meses rematada e no de Muxia segue sen iniciarse.
 - Estrada do cruce de Castelo a Senande, que ten un tráfico intenso por conectar a zona Norte do concello coa estrada a Cee e núcleos grandes de poboación como Quintáns e Senande e está chea de socavóns.

-Intervén D Javier Sar: "Son obras que a xente pide e pídolle que non se mofe do que dicimos (dirixido a Dna Sandra Vilela)."

-Intervén Dna Merce Barrientos analizando brevemente o estado de cada unha das vías para as que se propón arranxo. A vía de Leis, manifesta, sabemos que está adxudicada pero se non se remata antes de 30 de outubro de 2024 perderase a subvención e por elo instamos a que se faga. Deixamos di, a proposta suficientemente aberta para que o goberno poda vachear, reparar completamente, manter,etc ditas pistas como considere oportuno."

-Dna Sandra Vilela intervén: "Non fuches capaces de explicar o que queríades facer porque non é o mesmo reparar todo que revachear. Nos non facemos equipo con ningún, o único equipo que hai aquí é o BNG e Independentes. Estamos a favor de que se fagan esas obras pero non é a forma, os recursos municipais teñen que empregarse con rigor. Os culpables de que ter este goberno son vostedes e a súa línea roxa."

-Intervén o Sr alcalde: " Entre a relación de vías que propoñen está a de Leis xa adxudicada. A de Calo a Farrapa houbo que rompela porque forma parte dunha obra que houbo que modificar. Este goberno di si a orbras pero non a maniobras de exaltación de egos. Propoño que se retire a mención á vía de Leis e a de Calo."

-Manifesta D Javier Sar: "Podemos quitar o de Leis e en canto á de Farrapa sabemos que é unha canalización para a depuradora pero está nunha situación intransitable. Fai tres anos desa obra e non debía de estar todo ese tempo así."

Sometido o asunto a votación queda aprobado o punto cinco , retirando do mesmo o relativo ás dúas obras mencionadas pola Alcaldía.

6.- Que se tomen medidas organizativas precisas para que:

- Aumente a frecuencia de recollida de lixo no núcleo urbano e nas parroquias de xeito que se garantan as mínimas condicións de salubridade evitando que os colectores de lixo desborden e o lixo ocupe as rúas.
- Que se faga unha revisión de colectores e se substitúan os que estean en mal estado para evitar a vertedura de

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

lixiviados e os olores e pragas nas rúas. Tamén que se proceda á limpeza periódica das zonas nas que hai colectores para eliminar os cheiros e as manchas dos vertidos.

-Que a limpeza das rúas sexa eficaz e eficiente e evite a acumulación de cabichas, papeis e outro tipo de lixo que se observa diariamente.

-Inicia o debate D Javier Sar: “ Na época de verano, co aumento da poboación non é suficiente a recollida de lixo que se fai e pedimos que se reforce.”

-Dna Merce Barrientos manifesta: “ Recollemos unha demanda dos vecinos porque as veces é un clamor a situación na que se atopan algunhas zonas do pobo e algunhas aldeas nas que os contenedores non son suficientes.”

-Intervén Dna Sandra Vilela: “ Este tema xa foi plantexado polo PP nun pleno como rogo. A imaxe que damos non é boa e hai que melloralala. No último POS aprobouse unha partida para repoñer contenedores e estades dándolle ao Sr Toba a oportunidade de lucirse.”

-Dna Merce Barrientos contesta: “Vin aquí a facer unha oposición e recoller as demandas dos veciños que se o Alcalde as atende parecerame moi ben. Pedimos máis medidas que a adquisición de contenedores tales como incrementar a recollida, limpar as zonas periódicamente, etc.”

-Intervén o Sr Alcalde: “Votaremos a favor pero vostede non creo que saia satisfeita pois propón o que xa está feito. Somos conscientes de que algo se estaba facendo mal coa limpeza e estamos a traballar para reorganizar todo o que ten que ver con Muxía e parroquias. Na Romería da Barca estivo todo rápidamente limpo, costoume levantarme todos os días ás 7 da mañán para revisar e coordinar as labores de limpeza . Estamos a cambiar o sistema de limpeza e de recollida de lixo. O BNG pode axudar á limpeza das rúas predicando co exemplo pois sufrimos os “restos do papel” do candidato do BNG á Alcaldía , a cartelería pegada nos contenedores, en muros públicos, etc, que tiveron que retirar os operarios municipais. Tamén restos de comida para animais, e deberá de facerse o traballo humanitario completo , darlles de comer pero tamén retirar as feces.”

Sometido o punto a votación queda aprobado por unanimidade dos integrantes do Pleno.

7.- Solicitude redacción dun informe conxunto de secretaría e intervención municipal respecto das responsabilidades nas que puideran incorrer os concelleiros que voten favorablemente o levantamento de reparos suspensivos de intervención relacionados con ilegalidade nos procedementos de contratacións e pagos de facturas e coas que a intervención manifestase a súa disconformidade.

Intervén D Javier Sar: “ Preguntei xa en Secretaría ao respecto deste punto pero gustaríame ter un informe de secretaría e intervención ao respecto.

Sen xerarse debate, o punto queda aprobado polos votos a favor do gm BNG_Mixto (1), IxM (2) e PSOE (5). Abstense o gm PP (3).

8.- Rogos e preguntas

-Dna Merce Barrientos presenta un rogo sobre a necesidade de desbrozar os lindes e zona central da vía de Calo a Farrapa.

-O Sr Alcalde anuncia que vai facer unhas preguntas aos integrantes do Pleno. A secretaria advírtelle de que as preguntas e rogos segundo determinación do ROF son dirixidos aos órganos de goberno e non ao revés. Non obstante o Sr Alcalde manifesta os seguintes:

CONCELLO DE MUXIA (A Coruña)

- Cando vai a deixar o entorno do voceiro de lxm de insultar, crispas e faltar ao respecto, molestar na vida social e privada do resto dos concelleiros e vecinos/as de Muxía?
- Pertence a Sra Aurelia Picallo a algunha banda de rúa xuvenil?
- Cando vai a deixar o entorno desta concelleira de comportarse como auténticas bandas callexeiras xuvenís propias de países de Latinoamérica?
- Vai condenar o grupo de lxm os actos ocorridos contra a concelleira desta corporación?
- Rogo que o BNG atenda debidamente ás recomendacións feitas da limpeza.
- Rogo que non se repita a situación de hoxe, por economía, por tempo e por ética. O populismo non nos leva a ningún sitio.

Ás 11:00 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Muxía, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña